




Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B outubro – decembro 2014

8 de outubro: entregamos...



Prisioneros en el paraíso, de Arto Paasilinna

Un avión efectúa unha aterraxe de urxencia no arquipélago indonesio. Trala consternación inicial, a comunidade de náufragos dedícase á organización da supervivencia. Unha volta ao tópic literario da illa deserta transformada nunha hilarante aventura utópica.

Comentario: 22 de outubro

22 de outubro: entregamos...



El estandarte, de Alexander Lernet-Holenia

En 1918 un mozo oficial do exército imperial austríaco reincorpórase a filas tras un período de convalecencia. No seu destino en Belgrado, namórase de Resa Lang, unha dama da corte de María Antonia de Austria, e decide conquistala. Obra considerada como unha das mellores novelas escritas sobre o fin do Imperio Austrohúngaro.

Comentario: 5 de novembro

5 de novembro: entregamos...



Las viudas de los jueves, de Claudia Piñeiro

Na exclusiva urbanización Altos de la Cascada viven familias que levan un mesmo estilo de vida e que queren mantelo custe o que custe. Alí un grupo de amigos reúnese semanalmente lonxe das miradas dos seus fillos e esposas, as cales se autodenominan, chanceando, «as viúvas dos xoves». Premio Clarín de Novela 2005 en Argentina.

Comentario: 19 de novembro

19 de novembro: entregamos...



84 Charing Cross Road, de Helene Hanff

En 1949, unha nova escritora neiorquina envía unha carta a unha librería londinense. Apaixonada e maniática, a moza reclámalle ao libreiro volumes dificilmente atopables que tranquilizarán a súa sede de descubrimentos. Vinte anos máis tarde continúa a súa correspondencia e a familiaridade convertese nunha intimidade case amorosa.

Comentario: 3 de decembro

3 de decembro: entregamos...



Futuro imperfecto, de Xulia Alonso Díaz

Durante as décadas de 1980 e 1990, moitos mozos descubriron simultaneamente o amor e a droga. As consecuencias desa vivencia marcáronos para sempre, a algúns de xeito dramático. Este libro é un reencontro con ese tempo, coa súa presenza proxectada no futuro. Un futuro que xa non pode ser perfecto mais é esperanzado.

Comentario: 17 de decembro

17 de decembro: entregamos...



Las buenas personas, de Nir Baram

En 1938 e tras abandonar unha prometedora carreira nunha empresa estadounidense, Thomas Heiselberg decide traballar para os nazis en Polonia. Mentres, en Leningrado, Aleksandra Weissberg, filla dun intelectual xudeu, implicase co Comisionado do Pobo para Asuntos Internos de Stalin. Thomas e Aleksandra resollen sobrevivir a calquera prezo.

Comentario: 14 de xaneiro